

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-I-19

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre os problemas que está a causar o teléfono móbil, especialmente entre a mocidade. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que::

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

***Phubbing*: illados dentro dunha pantalla**

Na casa de Xurxo, hai algún tempo que se estableceu unha serie de normas sobre o uso do teléfono móbil. Foi despois de que el mesmo recoñecese que era incapaz de estudar 20 minutos seguidos. Deixaba o libro ou os apuntamentos e volvía ao teléfono. Finxía que escoitaba os seus pais, pero realmente non lles prestaba atención. Segundo a psicóloga que o atende, a adicción de Xurxo está relacionada, en gran parte, co que pasa na súa casa, como dentro de moitas outras: pais e nais ausentes e pendentos demasiadas horas ao día dos teléfonos. O caso desta familia reflicte o que é o *phubbing*: o feito de que unha persoa ignore a outra e se abstraia da contorna por estar máis pendente do seu teléfono móbil ca da xente que ten arredor.

Algunhas persoas expertas coinciden en que a maioría dos nenos e nenas que sofre esta adicción normaliza o acto de somerxerse na pantalla por imitación. Un exemplo típico é o dos pais e das nais nos xantares e nas ceas: no canto de prestaren atención á conversación familiar, non lle quitan o ollo ao móbil. E os adolescentes aprenden a interiorizar esta conduta, que despois repiten co seu grupo de amigos.

Adultos enganchados ao teléfono

Polo tanto, pódese afirmar que a orixe do *phubbing* se atopa nos propios adultos. Moitos proxenitores non son conscientes de que as condutas de incomunicación e de illamento que lles reprochan aos fillos se deben ao seu propio comportamento, á súa excesiva dependencia do móbil. «Os pais e as nais deben sempre servir de exemplo. Se ven que os adultos repiten un comportamento, os nenos entenderán que socialmente é algo aceptado e normalizarano», sostén a directora dun centro de saúde mental, onde o ano pasado foron atendidos medio cento de adolescentes afectados por adiccions deste tipo.

Un estudo recente conclúe que un terzo dos pais fai un uso abusivo das ferramentas dixitais e tecnolóxicas. Por iso, é imprescindible que os proxenitores aprendan a utilizar o móbil. A responsabilidade está, pois, nos propios adultos, que son os que deben entender que función cumpre o teléfono nas súas vidas.

Controlar o uso

Segundo unha especialista na materia, a implicación dos pais é vital. Son eles os que teñen que elaborar estratexias para conseguiren un equilibrio entre o uso e o non uso das pantallas. Esta estabilidade favorecerá a calidade de vida do menor, a súa socialización e mais a comunicación familiar.

Unha das receitas recomendadas consiste en establecer normas sobre o uso do móbil dentro da casa que potencien a comunicación cara a cara (na mesa, nas reunións...). Con este fin, tamén se lles deben ofrecer aos fillos alternativas de diversión afastadas dos aparellos electrónicos.

O papel da escola

A escola tamén debe representar un papel fundamental á hora de detectar e ofrecer unha solución a esta adicción. Profesoras e profesores comparten moitas horas diarias cos menores, coñécenos, ven o seu rendemento e tamén como se comportan, sexa na aula ou no recreo.

Existen numerosos estudos que demostran que, cantas máis horas pasan os menores pendentes do móbil, peor é o seu rendemento académico. Unha recente investigación universitaria, realizada con 4730 adolescentes, identificou que, a maior tempo dedicado ao móbil, peores son as notas en materias científicas como Matemáticas, Ciencias da Natureza ou Ciencias Sociais.

Por iso, é moi importante que a escola lles ensine aos adolescentes e aos nenos a usar o teléfono con responsabilidade. Cómpre facerlles ver que moito tempo ante unha pantalla supón certos perigos para a súa saúde mental e física (por exemplo, a obesidade), que van máis alá dos xa coñecidos, como o fracaso académico e o illamento social.

«Convén ter unha comunicación fluída entre o centro educativo e os pais», sinala unha orientadora escolar con máis de 17 anos de experiencia, quen tamén aconsella impartir obradoiros dirixidos aos pais e ás nais sobre o uso de aparellos electrónicos no ámbito doméstico.

Texto adaptado de <http://www.elpais.com>

PARTE 2

<p>1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</p>	<p>1-2 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
<p>2. RESUMO</p>	<p>3 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que esqueza detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Cal é a problemática que se aborda no texto? ■ Que condutas reflicten un illamento social debido ao mal uso ou ao abuso do móbil? Son específicas das persoas máis novas? ■ Que se di no texto sobre a causa do uso abusivo do móbil entre a mocidade? ■ Como se debe educar a mocidade nun uso correcto dos aparellos electrónicos, segundo o texto? Quen debe implicarse nese proceso? 	
<p>3. EXPOSICIÓN</p>	<p>3-4 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumento sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A.** «A mocidade está máis pendente do seu teléfono móbil ca da xente que ten arredor».
- B.** «A familia e a escola deben detectar os casos de adicción ao teléfono móbil e ofrecer solucións».
- C.** «Estar moito tempo ante unha pantalla supón certos perigos para a saúde mental e física das persoas»

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

«A mocidade está máis pendente do seu teléfono móbil ca da xente que ten arredor»

- Cre que o móbil e outros aparellos electrónicos están cambiando a forma de se relacionaren as persoas máis novas? Por que?
- Considera que os móbiles fan que vivamos máis illados ou, pola contra, enriquecen as nosas relacións sociais? Por que?
- Que transformacións sociais se poden atribuír á aparición dos teléfonos móbiles?
- Está a favor ou en contra da prohibición do uso do teléfono móbil en determinados lugares e circunstancias? E de establecer un límite de idade? Por que?
- Viviu algunha vez unha experiencia molesta ou desagradable por culpa do uso do teléfono móbil por parte doutras persoas?
- Velle algo positivo a que a xente nova empregue o móbil?
(Se procede)
- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto do uso do teléfono móbil?

OPCIÓN B

«A familia e a escola deben detectar os casos de adicción ao teléfono móbil e ofrecer solucións»

- Considera que realmente existe adicción ao teléfono móbil entre a xente nova? Coñece algún caso?
- Pensa que a causa do uso abusivo do teléfono na mocidade está na familia? Os pais ofrecen un mal exemplo neste sentido?
- Que opina sobre a conveniencia de establecer unhas pautas de uso do teléfono móbil dentro do ámbito familiar? Podería indicar algunhas destas normas?
- Como pode ensinar a escola a empregar correctamente o móbil?
- Cre que os profesionais da educación lle prestan atención a esta cuestión?
- Atópalle ao teléfono móbil algún uso pedagóxico ou prohibiríao nos centros educativos?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto da normativa que se aplica nos centros educativos sobre o uso do móbil?

OPCIÓN C

«Estar moito tempo ante unha pantalla supón certos perigos para a saúde mental e física das persoas»

- Dos danos físicos e mentais que pode producir o abuso do móbil, cales lle parecen máis preocupantes? Por que?
- Cre que co tempo aparecerán outros efectos prexudiciais relacionados co mal uso do móbil?
- Chegará algún día en que se limitará o uso do móbil por prescripción médica?
- Como cre que melloraría a nosa saúde se non utilizásemos tanto o móbil?
- Cre que as tecnoloxías poden contribuir a mellorar a nosa saúde? De que maneira?

(Se procede)

- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe no tocante ao uso do teléfono móbil?

